Ana Belén Pontón Mondelo na data 06/02/2013 11:08:46



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á exposición Gallaecia Pétreo.

Coa finalidade de coñecer a avaliación que realiza a Xunta de Galiza sobre o impacto da exposición Gallaecia Pétreo formulamos as seguintes preguntas:

- 1ª) Cal foi o custe total da exposición Gallaecia Pétreo?
- 2ª) Como se distribúe por conceptos esta cantidade?
- 3ª) Cal foi o número de persoas que visitaron esta exposición?
- 4ª) Cal foi a recadación acadada desde a súa inauguración, até a data, pola citada exposición?
- 5ª) Que avaliación realiza a Xunta de Galiza sobre o impacto desta exposición?

Santiago de Compostela, 6 de Febreiro de 2013

Asdo. **Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputada do G.P do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 06/02/2013 12:05:58

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar, María Quintas Alvarez, Abel Losada Alvarez e José Manuel Gallego Lomba, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Parece ser que existe un estudo interno, encargado polo propio centro hospitalario privado de POVISA, que asegura unha alta satisfacción dos usuarios e usuarias da Área Sanitaria de POVISA, polo que volverían elixir ese centro sanitario privado de existir libre elección.

Dado que é de todos coñecido que as listas de espera deste centro triplica a media dos hospitais galegos e que, ademais, non se pode acceder ás mesmas prestacións e servizos que na rede pública resulta moi difícil crer, entender e aceptar o resultado deste estudo.

Polo exposto, as deputadas e os deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Coñece o Goberno galego dito estudo de satisfacción? De ser así, que opinión lle merece? Vaino ter en conta?
2. Foi esgrimido polo centro hospitalario no contexto da negociación do novo convenio coa Consellería de Sanidade?
3. Que empresa firma ese estudo? Tense feito noutras ocasións? Con que resultados?
4. Que base de datos se empregou para levalo a cabo? Foron facilitados co consentimento da consellería, dado que estamos a falar de usuarios e usuarias do Servizo Público de Saúde?

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro de 2013

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez
Abel Losada Alvarez
José Manuel Gallego Lomba
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña do Campo na data 06/02/2013 16:02:15

María Carmen Gallego Calvar na data 06/02/2013 16:02:26

María Remedios Quintas Álvarez na data 06/02/2013 16:02:28

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/02/2013 16:02:34

José Manuel Gallego Lomba na data 06/02/2013 16:02:39

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Acuña do Campo, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Galaria utiliza de forma habitual traballadores e traballadoras do cadro de persoal do Servizo Galego de Saúde.

Polo exposto anteriormente, a deputada que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como se regula esa colaboración? Respéctase as condicións de traballo deses profesionais en igualdade de condicións que no sistema público?
2. Cales son as razóns nas que se fundamenta dita colaboración e que categorías profesionais están obrigadas á mesma?
3. Cantos profesionais do sistema público foron asignados a Galaria e durante canto tempo no ano 2012?

Pazo do Parlamento, 5 de febreiro de 2013

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña do Campo na data 06/02/2013 16:03:29

 Grupo Parlamentario

Excma. Sra.:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Acuña do Campo, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 9 do Regulamento da Cámara, solicita a Xunta de Galicia, a través desa Presidencia, a seguinte petición de **documentación**.

- Copia da información sobre os salarios percibidos polos responsables das diferentes áreas sanitarias integradas de Galicia durante o ano 2012.
- Copia da información sobre os salarios dos e das xerentes, tanto da área integrada como os das e dos xerentes executivos das mesmas, así como os datos sobre os complementos de produtividade variable percibida por todos e todas elas durante ese período.

Pazo do Parlamento, 5 de febreiro de 2013

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

EXCMA. SRA. PRESIDENTA DO PARLAMENTO DE GALICIA



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña do Campo na data 06/02/2013 16:03:47

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/02/2013 16:03:55

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Acuña do Campo, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Segundo a Consellería de Sanidade a xeneralización das áreas integradas ten logrado un aforro importante nos salarios dos cargos directivos.

Polo exposto, a deputada que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Canto cobrou o/a xerente da área integrada de A Coruña durante o ano 2012? Canto cobraba antes desa integración durante o ano 2011 como xerente do CHUOU?
2. E canto ás xerencias executivas antes e agora?
3. Teñen recibido complementos de produtividade variable durante o ano pasado? De ser así, a canto ascenderon e porque conceptos?

Pazo do Parlamento, 5 de febreiro de 2013

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña do Campo na data 06/02/2013 16:04:17

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Acuña do Campo, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Segundo a Consellería de Sanidade a xeneralización das áreas integradas ten logrado un aforro importante nos salarios dos cargos directivos.

Polo exposto, a deputada que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Canto cobrou o/a xerente da área integrada de Santiago de Compostela durante o ano 2012? Canto cobraba antes desa integración durante o ano 2011 como xerente do CHUOU?
2. E canto ás xerencias executivas antes e agora?
3. Teñen recibido complementos de produtividade variable durante o ano pasado? De ser así, a canto ascenderon e porque conceptos?

Pazo do Parlamento, 5 de febreiro de 2013

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña do Campo na data 06/02/2013 16:04:35

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Acuña do Campo, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Segundo a Consellería de Sanidade a xeneralización das áreas integradas ten logrado un aforro importante nos salarios dos cargos directivos.

Polo exposto, a deputada que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Canto cobrou a xerente da área integrada de Verín, O Barco de Valdeorras e Ourense durante o ano 2012? Canto cobraba antes desa integración durante o ano 2011 como xerente do CHUOU?
2. E canto ás xerencias executivas antes e agora?
3. Teñen recibido complementos de produtividade variable durante o ano pasado? De ser así, a canto ascenderon e porque conceptos?

Pazo do Parlamento, 5 de febreiro de 2013

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña do Campo na data 06/02/2013 16:04:46

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Acuña do Campo, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Segundo a Consellería de Sanidade a xeneralización das áreas integradas ten logrado un aforro importante nos salarios dos cargos directivos.

Polo exposto, a deputada que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Canto cobrou o/a xerente da área integrada de Pontevedra durante o ano 2012? Canto cobraba antes desa integración durante o ano 2011 como xerente do CHUOU?
2. E canto ás xerencias executivas antes e agora?
3. Teñen recibido complementos de produtividade variable durante o ano pasado? De ser así, a canto ascenderon e porque conceptos?

Pazo do Parlamento, 5 de febreiro de 2013

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña do Campo na data 06/02/2013 16:04:58

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

A xerente de Ourense enviaba un comunicado ao colectivo sanitario da “súa área integrada” en días pasados que dicía textualmente: *“a demanda informativa de calquera medio de comunicación debe pasar polo Servizo de Comunicación e contar coa debida autorización da Dirección, cando a resposta a esa demanda se dea en horario laboral e cando a atención aos medios de comunicación se produza fóra do horario laboral, pero implique a difusión de información debe poñerse en coñecemento do Servizo de Comunicación ou da Dirección con antelación.”*

O Colexio Médico de Ourense reaccionaba consultando aos servizos xurídicos, ante este evidente intento de censura, os cales rexeitaban dito comunicado por non aterse a legalidade argumentando que: “a obriga que se quere impor de ter que solicitar autorización previa para expoñer publicamente unha opinión individual ou colectiva, vai en contra do dereito a libre expresión dos individuos”, ademais, o informe conclúe que a calidade do servizo dispensado ao cidadán “vai intimamente ligado á denuncia pública das anomalías e das irregularidades evidenciadas tanto no funcionamento de cada servizo como nas condicións laborais.

Polo exposto anteriormente, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Coñecía e autorizou a consellería dito comunicado? Está de acordo o Goberno galego con este texto cualificado xuridicamente como non axustado á legalidade? Fíxose o mesmo en máis áreas?
2. Que medidas pensa adoptar a consellería en caso de estar en desacordo, ante a actitude amosada pola Xerencia da Área Integrada de Ourense?

 Grupo Parlamentario

3. Que cree a consellería que pode estar tratando de ocultar esa xerencia dada a súa preocupación ante o que se poida saír á luz pública?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 5 de febreiro de 2013

Asdo.: Carmen Acuña do Campo

Carmen Gallego Calvar

María Quintas Álvarez

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña do Campo na data 06/02/2013 16:05:34

María Carmen Gallego Calvar na data 06/02/2013 16:05:43

María Remedios Quintas Álvarez na data 06/02/2013 16:05:45

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e José Antonio Sánchez Bugallo, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

A Directiva 128/2009/CE prohíbe expresamente fumigar dende o aire cando existan outros métodos de combater unha praga, como ocorreu nas plantacións de monocultivo de eucaliptos afectadas polo gurgullo do eucalipto.

As fumigacións aéreas contra este insecto foron finalmente desautorizadas pola Xunta de Galicia despois de meses de intensa contestación social, denegando entón o permiso para o tratamento con agrotóxicos dende helicópteros, por contraviren a directiva europea mencionada. É dicir, as accións informativas e legais de colectivos cidadáns contra o plan deron os seus froitos e o Goberno galego viuse obrigado a impedilas, unha vez a poboación estaba informada do seu perigo e da súa ilegalidade.

Pero xa se tiñan realizado fumigacións parciais dende terra co mesmo produto (pesticida que foi catalogado como tóxico pola UE e cuxo uso quedou definitivamente prohibido dende o 1 de xaneiro de 2013).

Nestes días, a Comisión Europea recomendou prohibir, durante un período de dous anos, o uso de plaguicidas neonicotinoides, pesticidas relacionados coa morte masiva de abellas nos cultivos máis atractivos para estes insectos, é dicir, nas plantacións de millo, colza, xirasol e algodón. De ser aprobada, esta recomendación entraría en vigor o vindeiro 1 de xullo. O motivo principal desta recomendación non é outro que os efectos nocivos que estes insecticidas orixinan nas abellas e que son acumulables na cadea trófica; mesmo se teñen documentado casos de toxicidade en humanos.

Dada a inactividade da Xunta de Galicia cando as fumigacións aéreas contra o gurgullo do eucalipto, é de prever que ocorra o mesmo neste caso; sen perder de vista que a norma da Comisión Europea non é máis que unha recomendación.

Grupo Parlamentario

Ante a máis que probable inacción e pasividade do Goberno de Galicia, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1.- Ten previsto o Goberno galego continuar o combate contra os pesticidas co obxectivo de conseguir que deixen de ser utilizados?

2.- Vai cumprir o Goberno galego a Recomendación da Comisión Europea prohibindo o uso de plaguicidas neonicotinoides nos cultivos máis atractivos para as abellas?

3.- Vai cumprir o Goberno galego a recomendación da Comisión Europea o vindeiro 1 de xullo ou vai esperar ás accións informativas e legais de colectivos cidadáns, tal e como ocorreu coas fumigacións aéreas contra o gurgullo do eucalipto?

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2013

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Raúl Fernández Fernández

José Antonio Sánchez Bugallo

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/02/2013 15:56:57

Raúl Fernández Fernández na data 06/02/2013 15:57:05

José Antonio Sánchez Bugallo na data 06/02/2013 15:57:11

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e José Antonio Sánchez Bugallo, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

A Lei 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza, reconece os espazos naturais de interese local (ENIL) como unha das categorías nas que se clasifican os espazos naturais protexidos.

Un dos seus principios inspiradores é a conservación da biodiversidade a través do mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais, garantindo a conexión das poboacións de fauna e flora silvestres e preservando a diversidade xenética.

Segundo a mencionada lei, todas as administracións, no ámbito das súas competencias, asegurarán o mantemento, protección, preservación e restauración dos recursos naturais, garantindo que a súa xestión se produza sen merma da súa potencialidade e compatibilidade coas fins da súa conservación.

Segue dicindo a lei que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas poderá declarar como ENIL a aqueles espazos integrados no seus termos municipais e que, polas súas singularidades, sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista, entendemos que, poñendo en valor estes espazos, permite dalos a coñecer aos cidadáns para que tamén se comprometan na súa conservación, xa que estes espazos son unha gran fonte de riqueza, tanto de fauna como de flora, así como uns espazos moi propicios para o ocio.

Pois ben, a Xunta de Galicia ten bloqueada a declaración como ENIL do tramo natural do río dos Gafos, solicitada polo Concello de Pontevedra dende hai case dous anos. Se a Xunqueira de Alba de Pontevedra foi o

Grupo Parlamentario

primeiro humidal protexido de Galicia, o dos Gafos será tamén o primeiro río. Pero o Goberno ten paralizado o seu procedemento.

Polo exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1.- Ten o Goberno galego a intención de continuar o procedemento de declaración como ENIL do tramo natural do río dos Gafos, solicitada polo Concello de Pontevedra dende hai máis dun ano?

2.- Cales son os motivos para a súa paralización?

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2013

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Raúl Fernández Fernández

José Antonio Sánchez Bugallo

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/02/2013 15:58:48

Raúl Fernández Fernández na data 06/02/2013 15:58:56

José Antonio Sánchez Bugallo na data 06/02/2013 15:59:02

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Vicente Docasar Docasar, María Concepción Burgo López e Francisco Caamaño Domínguez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O anteproxecto da nova Lei da educación (LOMCE), prevé a implantación da FP Dual no noso sistema educativo, seguindo o modelo alemán. A ninguén se lle escapa que Alemaña conta co tecido industrial máis potente de toda Europa, e cun empresariado con longa traxectoria no eido formativo.

Polo exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita.

1.^a) Están vostedes seguros de que o conxunto do empresariado galego espallado por toda Galicia estaría en disposición de asumir unha parte do labor formativo que veñen desenvolvendo nos últimos anos os actuais institutos e centros integrados?

2.^a) Teñen vostedes calculado cántos profesores e profesoras de Formación Profesional sobrarían nos nosos institutos?

3.^a) Con que recursos humanos e materiais deberán contar as empresas participantes no proxecto de FP Dual?

4.^a) Consideran vostedes que os alumnos e alumnas acadarán con este novo sistema o mesmo nivel de coñecementos que acadan actualmente nos IES e nos centros integrados?

5.^a) A implantación deste novo sistema permitirá que os estudos de Formación Profesional Dual podan cursarse coas mesmas garantías nas diferentes bisbarrias de Galicia, incluída a Galicia interior?

Grupo Parlamentario

6.^a) Poden vostedes garantir que a nova FP Dual non será unha copia do sistema de aprendices dos anos sesenta do século pasado para dotar ás empresas de man de obra barata?

Pazo do Parlamento, 5 de febreiro de 2013

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 06/02/2013 13:20:59

María Concepción Burgo López na data 06/02/2013 13:22:22

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 06/02/2013 13:22:43

Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos González Santín, José Antonio Sánchez Bugallo, Abel Losada Álvarez e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O canon da auga e o coeficiente de vertedura son dous novos tributos que foron creados pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia. Non obstante, o inicio da súa aplicación non tivo lugar ata o 1 de xullo de 2012, momento no que entrou en vigor o Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Este novo canon da auga, que vén substituír ao canon de saneamento, financia única e exclusivamente as actuacións en materia de abastecemento, saneamento e explotación de depuradoras de augas residuais e xestión dos nosos ríos, e terá como un dos seus obxectivos primordiais fomentar o uso racional da auga e o seu aforro.

O incumprimento da dita normativa implica a incoación dos correspondentes expedientes sancionadores. Por iso os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1.^a) Cal é a relación de expedientes sancionadores abertos pola falta de pago ou ben polo pago fóra de prazo do canon da auga (antes canon de saneamento) a entidades ou concellos de Galicia dende o ano 2007?

2.^a) Cal é a situación actual do tramite de cada un destes expedientes?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2013

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Juán Carlos González Santín na data 06/02/2013 18:37:31

Beatriz Sestayo Doce na data 06/02/2013 18:37:43

María Soledad Soneira Tajés na data 06/02/2013 18:37:53

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 06/02/2013 18:38:01

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Carlos González Santín, Beatriz Sestayo Doce, Marisol Soneira Tajés e Vicente Docasar Docasar, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A Xunta de Persoal da Xunta de Galicia en Lugo presentou o pasado día 29 de febreiro un amplo informe sobre o que interpretan coma un posible incumprimento da normativa reguladora nas comisións de servizos, diante da fiscalía e do Valedor do Pobo.

Á vista das numerosas queixas que recibimos do persoal funcionario en relación coa tramitación e o funcionamento das comisións de servizo, que supoñen a ruptura dos valores da función pública de mérito e igualdade, dando acceso á discrecionalidade e á politización da administración, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita.

1.^a) Que porcentaxe de prazas de funcionarios da Xunta de Galicia se encontran en Comisión de Servizos en cada unha das consellarías?

2.^a) Cantas prazas de funcionarios da Xunta de Galicia se encontran en Comisión de Servizos en cada unha das consellarías?

3.^a) A que número de funcionarios se lles concedeu unha nova comisión de servizo á mesma praza unha vez esgotado o prazo máximo de dous anos da inicial e a prorroga?

4.^a) Cal é o número de funcionarios que seguen na mesma praza en comisión de servizos unha vez transcorridos dous anos?

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2013

Asinado dixitalmente por:

 **Grupo Parlamentario**

Juán Carlos González Santín na data 06/02/2013 18:34:56

Beatriz Sestayo Doce na data 06/02/2013 18:35:11

María Soledad Soneira Tajés na data 06/02/2013 18:35:24

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 06/02/2013 18:35:44

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Vicente Docasar Docasar, María Concepción Burgo López, Francisco Caamaño Domínguez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Actualmente existen en Galicia 17 Centros Integrados de Formación Profesional (CIFP), que serven para complementar a importante rede de IES que imparten ciclos de Formación Profesional, tanto de Grao Medio coma de Grao Superior.

O nivel formativo impartido nos IES é perfectamente homologable co nivel formativo que proporcionan os CIFP, ao noso humilde entender. Os dous tipos de centros imparten unha boa Formación Profesional, contan con prestixio social e, antes da crise, tiñan un elevado grao de inserción no mercado laboral do seus titulados e tituladas.

O Grupo Parlamentario Popular manifestou nunha proposición non de lei rexistrada o pasado día 19 de decembro, que ten pensado iniciar “análises técnicos” para ampliar a actual rede de centros integrados.

Na última ampliación levada a cabo, a maneira de proceder da Consellería de Educación foi “manifestamente mellorable”.

O Grupo Parlamentario Socialista desexaría ser escoitado antes de que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, tome unha decisión sobre ese particular, polo que se formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- 1.^a) Que teñen vostedes previsto facer e con que criterios?
- 2.^a) Pensan vostedes aplicar unha política de feitos consumados para ampliar a actual rede de centros integrados?
- 3.^a) Terán vostedes en conta a opinión das Comunidades Educativas implicadas?
- 4.^a) Respectarán vostedes as traxectorias dos centros afectados antes de tomar unha decisión sobre o seu futuro?
- 5.^a) Pensan vostedes utilizar este tema para modificar “de facto” a actual rede de centros que data dos anos 90?
- 6.^a) Pensan vostedes tomar unha decisión unilateral sobre este particular, ou decidirán, polo contrario, escoitar outras opinións ?

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2012

Asinado dixitalmente por:

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 06/02/2013 19:40:01

María Concepción Burgo López na data 06/02/2013 19:40:12

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 06/02/2013 19:40:39

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez, Manuel Gallego Lomba e Carmen Gallego Calvar, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A área urbana de Vigo caracterízase por unha forte concentración de poboación e de actividade económica, sobre todo industrial e de servizos. Esta concentración esixe unha rede de transporte axeitada, que favoreza e permita a mobilidade das persoas. Pese ao tempo transcorrido e as promesas realizadas, os gobernos do Sr. Feijoo non foron capaces de poñer en marcha o transporte coordinado para esta área metropolitana onde se moven máis cidadáns en Galicia.

A empresa concesionaria ATSA ten presentado un plan de reestruturación do transporte público, plan que se centra na eliminación de liñas de autobuses e que afectan ás comarcas do Val Miñor e a do Baixo Miño.

Os socialistas non podemos compartir a proposta de eliminar a prestación de determinados servizos de transporte público e que resultan fundamentais para a mobilidade de moitas persoas. Deste xeito a rebaixa de frecuencias ou a desaparición de parte dos itinerarios que se anuncian resultan incompatibles co obxectivo da prestación dun servizo público de calidade e acorde cos tempos actuais.

Así, se anuncia a desaparición do transporte para lugares como Chandebrito e Belesar e unha reducións moi significativa para posibilitar a mobilidade das persoas en parroquias como as de Camos ou Parada, no concello de Nigrán.

Polo exposto, os deputados e deputada asinante formulan as seguintes preguntas:

1.^a) Vai a Xunta de Galicia a permitir a pretensión da súa concesionaria e aceptar as peticións formuladas pola empresa ATSA ?

 Grupo Parlamentario

2.^a) Cales no seu caso?

3.^a) Considera que esta formulación é congruente coa potenciación das áreas urbanas na Comunidade Autónoma ?

4.^a) Solicitou información previa a todos os concellos afectados e, no seu caso, con que resultados ?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2013

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/02/2013 09:44:07

José Manuel Gallego Lomba na data 07/02/2013 09:44:19

María Carmen Gallego Calvar na data 07/02/2013 09:44:49

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Carmen Gallego Calvar, Raúl Fernández Fernández e José Antonio Sánchez Bugallo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Hai uns días, os medios de comunicación facíanse eco da noticia seguinte: “Está aberta unha investigación xudicial pola presunta existencia dunha fábrica na zona central de España, vendedora de fariñas para pensos animais nos que se detectou material xenético de ovellas ou cans.”

A relación coa nosa Comunidade Autónoma está en que, a principios do pasado ano, o SEPRONA atopou, nunha nave no sur da provincia de Pontevedra, centos de cans mortos, moitos deles en avanzado estado de descomposición. Como consecuencia, procedeuse á apertura dun expediente e o precinto desta planta. E esta nave garda relación co procedemento xudicialmente antes indicado.

Pero o certo é que a Xunta de Galicia nada ten dito sobre o asunto, pese a que as fariñas derivadas, probablemente, dos cans triturados, poderían chegar ao consumo humano en caso de seren incorporadas aos pensos cos que se alimenta o ganado de consumo para seres humanos, o que está prohibido.

Polo exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Coñecía a Xunta de Galicia a existencia da nave de As Neves mencionada?
2. Procedera á inspección da mesma antes do descubrimento polo SEPRONA?
3. Impuxo sancións por ese motivo?
4. Ten coñecemento a Xunta de Galicia da existencia de fariñas derivadas de animais triturados, que poderían chegar ao consumo humano?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2013

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Carmen Gallego Calvar
Raúl Fernández Fernández
José Antonio Sánchez Bugallo

Grupo Parlamentario

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/02/2013 10:16:18

María Carmen Gallego Calvar na data 07/02/2013 10:16:26

Raúl Fernández Fernández na data 07/02/2013 10:16:30

José Antonio Sánchez Bugallo na data 07/02/2013 10:18:38

Partido dos
Socialistas
de Galicia

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

- 1.1.1. NORMAS APROBADAS
- 1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

- 1.2.1. INVESTIDURA
- 1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
- 1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

- 1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
- 1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
- 1.3.5. MOCIÓNS
- 1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI
- 1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
- 1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

- 1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
- 1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
- 1.4.3. INTERPELACIÓNS
- 1.4.4. PREGUNTAS
- 1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS
- 1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS
- 1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

- 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
- 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
- 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
- 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

- 4.1. INFORMACIÓNS
 - 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727